

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MOS PARA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA REITORAL DE PETELOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou co concello de Mos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Mos para a realización das obras de rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.



Segundo.- O artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda ás entidades que integran a Administración local a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Terceiro.- A antiga Casa Reitoral de Petelos é, sen dúbida, un dos edificios de máis valía patrimonial do concello de Mos. Datada do século XV e de estilo gótico, é un ben cultural catalogado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Mos (Pontevedra), sendo un ben inmovible que forma parte do Patrimonio Cultural de Galicia en aplicación do artigo 30 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Por conservar restos dunha antiga torre fortificada, que é un ben propio da arquitectura defensiva, en aplicación do artigo 88.1.a) da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia e do Decreto de 22 de abril de 1949 sobre a protección dos castelos españois, tería a consideración de ben de interese cultural (BIC).

De planta rectangular, o edificio principal amosa adosada unha torre de tres alturas, levantada en perpiaño perfectamente labrado e escuadrado, gorecida baixo unha cuberta a catro augas. Este volume presenta un balcón voado (pouco ostentoso) no andar máis elevado e orientado ao sur.

A fachada do edificio de menor tamaño aparece enmarcada entre pilastras de orde dórica que ocupan os ángulos da edificación. Os muros desta amósanse integramente encalados co obxecto de ocultar a inferior calidade da súa plementería. O frontis do edificio de menor altura presenta unha serie de ocos equidistantes dispostos de maneira simétrica: unha porta de acceso no andar terreo e dúas xanelas no piso superior.

Cuarto.- o proxecto de rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos, xorde por mor da sinatura do convenio entre a Diocese de Tui-Vigo, propietaria do edificio e dos terreos circundantes e o Concello de Mos, para a súa rehabilitación, nun principio, como Centro de Día para persoas maiores.



En base a ese convenio, deseñouse inicialmente un Centro de Día conforme aos requisitos estruturais marcados pola orde do 25 de xuño de 2008, como Centro de Atención Diúrna, dentro do sistema de atención social especializada a integrar na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social.

A día de hoxe, leváronse a cabo as obras de rehabilitación parcial do conxunto das edificacións, obras realizadas en dúas fases, non alcanzando o obxectivo da rehabilitación total, dadas, entre outros factores, as vicisitudes que implica acometer os traballos nunha edificación deste tipo.

Por todo iso, o Concello de Mos, finalizadas as obras na Torre Medieval e edificación anexa, pretende continuar coa rehabilitación e posta en funcionamento de dous corpos ou naves, encostados aos elementos xa rehabilitados.

Ditas naves, situadas a Este e Oeste, nos extremos ou testeros do elemento xa reconstruído, así como os seus espazos intersticiais, darán continuidade ao programa de necesidades que se pretende para o conxunto, sumando aproximadamente 225,00 m² ao conxunto edificatorio.

A intervención centrarase na ala Este do conxunto de edificacións, dunha dimensión aproximada de 11,00 m * 7,00 m, máis o anexo Oeste duns 3,00 m x 6,00 m.

Esta intervención completará á beira sur a realizada nos elementos xa rehabilitados como son a torre e a nave.

A solución da cuberta implicará o desmonte de parte da cuberta xa rehabilitada e crear un novo encontro entre a cuberta da nave e a ala a rehabilitar.

Esta ala desenvólvese en dous niveis separados por un forxado de madeira. A intervención centrarase basicamente na consolidación e completado dos muros existentes, creación da estrutura intermedia así como a da cuberta, e remate total da envolvente: cerramento, cuberta e carpintería exterior.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Mos unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificultan a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento



xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

